

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cál das seguintes palabras NON se dí en galego, segundo o Dicionario de RAG:

- A) Contorno
- B) Ambiente
- C) Entorno
- D) Contexto

2. Sinale a frase correcta en galego

- A) Vaia calor que facía na praia.
- B) Vaia calor que ia na praia.
- C) Vaya calor que facía na playa.
- D) Vaya calor que facia na praia.

3. En galego, unha lesión producida ao estirar violentamente unha articulación, é un/unha?

- A) Esguince
- B) Escordadura
- C) Retorta
- D) Distensión

4. A parte saínte dos ósos que forman a articulación da perna co pé, en galego recibe o nome de?

- A) Nortello
- B) Nocello
- C) Cotabelo
- D) Torucela

5. En galego, a forma feminina de irmán é:

- A) irmana
- B) hermana
- C) irmá
- D) irma

6. Sinale a frase correcta en galego:

- A) Non existe apoio legal algún.
- B) Non existe apoio legal algún.
- C) Non existe apoio legal ningún.
- D) Non existe apoio legal ningún

7. Para definir a unha persoa que actúa con astucia e mesmo con malicia para beneficiarse de algo, empréganse diversas palabras. Das que se indican sinale a que NON corresponde:

- A) Lagarteiro
- B) Pillabán
- C) Raposeiro
- D) Larchán

8. Sinala a frase correcta en galego:

- A) A faia e a sobreira son arbores frondosos.
- B) A faia e a sobreira son árbores frondosas.
- C) A faya e a sobreira son árbores frondosas.
- D) A Faia e a Sobreira son arbores frondosos.

9. A forma correcta do plural da palabra "fiel" é?

- A) Fieles.
- B) Fieis.
- C) Fiels
- D) Fieleses

10. Para definir, en galego, terreo de labranza, utilizarase?

- A) Finca
- B) Leira
- C) Quinteiro
- D) Quintela

Preguntas de reserva

1. Sinala a frase correcta en galego:

- A) O acordo tomouse previo informe da intervención.
- B) O acordo requiriu o informe previo da intervención.
- C) O acordo adoptouse previo informe da intervención.
- D) O acordo necesitou primeiramente o previo informe da intervención.

2. En galego, a zona da costa onde desemboca un río e que queda cuberta pola preamar, ten o nome de?

- A) Estuario
- B) Esteiro
- C) Bahía
- D) Foz